

COPLAS MAIOS QUINTO E SEXTO

Ola a todos e todas
hoxe vimos a cantar
unhas fermosas copliñas
que os van a encantar.

Ailalelo ailalelo,
ailelo ailalá,
unhas fermosas copliñas
que os van a encantar.

A primavera chegou
nestes montes de Ardán
os paxaros e os grilos
podemos xa escoitar.

Ailalelo ailalelo,
ailelo ailalá,
os paxaros e os grilos
poidemos xa escoitar.

A construción deste Maio
será para nós o mellor,
poñeremos moitas flores
e fiúncho a montón.

Ailalelo ailalelo,
ailelo ailalá,
poñeremos moitas flores
e fiúncho a montón.



Este ano o coronavirus
un respiro nos deixou
máscaras quitaremos
porque a incidencia baixou.

Ailalelo ailalelo,
ailelo ailalá,
máscaras quitaremos
porque a incidencia baixou.

Neste curso o proxecto
sobre o monte imos falar
buscamos algunas lendas
que os imos contar.

Ailalelo ailalelo,
ailelo ailalá,
buscamos algunas lendas
que os imos contar.

O Samaín está aquí
con disfraces de terror
sempre nos saca un susto
isto mola un montón!

Ailalelo ailalelo,
ailelo ailalá,
sempre nos saca un susto
isto mola un montón!



O Nadal deste ano
non podemos festexar
debido a este virus
que pode ser moi mortal.

Ailalelo ailalelo,
ailelo ailalá,
debido a este virus
que pode ser moi mortal.

A policía veu ao cole
de internet veunos falar
di que as veces ten perigo
mellor en alerta estar.

Ailalelo ailalelo,
ailelo ailalá,
di que as veces ten perigo
mellor en alerta estar.

Fomos ó Monte Castelo
ten unhas vistas fermosas
alí se atopa un banco
a bandeira alza nas rochas.

Ailalelo ailalelo,
ailelo ailalá,
alí se atopa un banco
a bandeira alza nas rochas.

**Na estación do Areeiro
moitas cosas aprendemos,
nos deron unha plantiña
a que todos coidaremos.**

**Ailalelo ailalelo,
ailelo ailalá,
nos deron unha plantiña
a que todos coidaremos.**

**Fixemos experimentos
que saíron ideais,
que ben sempre o pasamos
hai que repetilos máis!**

**Ailalelo ailalelo,
ailelo ailalá,
que ben sempre o pasamos
hai que repetilos máis!**

**As catro nenas de sexto
na tele van saír,
falarán de experimentos
teñen moito que decir!**

**Ailalelo ailalelo,
ailelo ailalá,
falarán de experimentos
teñen moito que decir!**

**Hoxe ímonos despedir
da rapazada de sexto,
os botaremos de menos,
pero sempre pasa o mesmo.**

**Ailalelo ailalelo,
ailelo ailalá,
os botaremos de menos,
pero sempre pasa o mesmo.**

**Agora nos toca marchar
vémonos o ano que vén,
esperamos divertirvos
e que o pasarades ben!**

**Ailalelo ailalelo,
ailelo ailalá,
esperamos divertirvos
e que o pasarades ben!**

